

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 72

ano 12

setembro-outubro 2017

A Segunda República en Ourense (I) **A DEREITA POLÍTICA NON REPUBLICANA**

“Anunciada la visita a esta ciudad de Su Excelencia el honorable Presidente de la República Excmo. Sr. D. Niceto Alcalá Zamora y Torres, (...) me complace en invitarle a la recepción oficial que se celebrará (...) en honor del Jefe del Estado”.

O fragmento anterior forma parte da **invitación** cursada polo alcalde de Ourense, Antonio Álvarez Dopazo, ao deputado de Acción Popular Agraria (APA), Carlos Taboada Tundidor, por mor da **visita do presidente da República** á cidade o 8 agosto de 1934. Esta visita foi un dos acontecementos máis relevantes da urbe en toda a II República (1931-1936) como evidencian os xornais locais da época.


Niceto Alcalá-Zamora, un dos xuristas máis importantes da súa xeración e político de tendencia liberal, fora ministro no **reinado de Afonso XIII**. En 1930, foi unha das cabezas visibles da oposición á **dictadura de Primo de Rivera** (1923-1930) e ás decisións políticas do monarca. Ademais, foi unha das figuras máis relevantes da II República española, da cal foi presidente case na súa totalidade (1931-1936).

A primeira **visita a Galicia** de Alcalá-Zamora, tras tres anos no cargo presidencial, comezou en Ourense. Ás 9:35 da mañá, tal como reflicte a edición matinal do xornal **La Zarpa** do 9 de agosto, o tren presidencial entrou na estación de ferrocarril en medio dun estrondo musical e unha enorme algarabía de aplausos do público asistente. O xefe do Estado percorreu en automóbil as rúas da cidade até a casa do concello, acompañado das autoridades municipais e da comitiva presidencial. Tras saír da estación, pasou pola **Ponte Nova** e o **Parque de San Lázaro**, abarrotado dunha poboación entusiasmada pola visita do ilustre personaxe.

As seguintes palabras sacadas do periódico antes citado, poden reflectir o que foi o paso do presidente: *“Durante el paso de la comitiva por las calles de Fermín Galán, Paz Nóvoa y Lamas Carvajal, el público no cesaba de aplaudir y vitorear al señor Alcalá Zamora”.*

Tras os saúdos e protocolos da recepción oficial, Alcalá-Zamora visitou a pé a **Catedral** e **As Burgas** antes de partir cara a Vigo dende o edificio do antigo Gober-

no Civil, entre novas mostras de agarimo por parte da poboación local. As únicas palabras pronunciadas polo presidente que coñecemos son ás que lle dixo ao **sacerdote e deputado** ourensán do PRR, Basilio Álvarez, ao saír do concello da cidade: *“En su pueblo, don Basilio, sólo se pueden hacer las cosas a lo grande. ¡Esto es apoteósico!”.*



1934, agosto, 6. Ourense
Invitación cursada polo alcalde de Ourense a Carlos Taboada Tundidor para asistir á recepción oficial organizada en honor do presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, con motivo da súa visita a Ourense.
Papel, impreso; castelán; 230 x 167 mm.
AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C. 24111/41 (082).

A Segunda República

O **14 de abril de 1931**, tras a vitoria republicana nas eleccións municipais de dous días antes, tomadas como un plebiscito de carácter xeral polo sector vencedor, instáurase a Segunda República española, rematándose co reinado de **Afonso XIII**, quen, voluntariamente, decide partir ao **exilio**.



Noticia da renuncia de Afonso XIII á Coroa de España no diario *La Región* o 15 de abril de 1931. AHPOu, Colección de prensa.

A caída do rei, quen tivo unha enorme **oposición** pola súa actitude de apoio á ditadura militar de Primo de Rivera (1923-1930), levou á formación dun Goberno Provisional liderado por Alcalá-Zamora e outros políticos **moderados** e **reformistas**, caso de **Miguel Maura** e **Manuel Azaña**. Co traspaso de poderes, levado a cabo entre o Conde de Romanones, home de confianza do rei, e este goberno, saído do coñecido **Pacto de San Sebastián** (asinado en agosto de 1930 entre as forzas opositoras á monarquía), deuse inicio á primeira experiencia democrática que tivo España no século XX.

O réxime republicano foi unha etapa curta, pero intensa e moi activa no campo político. Malia que só houbo dúas eleccións lexislativas (1933 e 1936), entre decembro de 1931 e o 18 de xullo de 1936, existiron 18 gobernos (8 foron de esquerdas e 10 de centro-dereita), ademais dos dous gobernos provisionais existentes entre abril e decembro de 1931. Estes datos amosan as dificultades que existiron para formar un forte executivo.

Aínda así, podemos establecer tres etapas, sendo a primeira delas a coñecida como **Bienio Reformista** (1931-1933), formado por executivos de esquerdas republicanas que intentaron desenvolver fortes reformas socioeconómicas. A segunda fase coñécese como **Bienio Negro** ou Dereitista (1934-1936), marcado polo liderado dos partidos de dereitas e de centro e pola paralización das reformas dos anos previos. Foron dous anos moi intensos e de gran **inestabilidade**, onde houbo dez gobernos e se produciron graves incidentes, como os acontecidos en outubro de 1934: a **Revolución obreira de Asturias** e a autoproclamación da **independencia de Cataluña**.

E a derradeira etapa é coñecida como a da **Fronte Popular**, nada das eleccións de febreiro de 1936. A volta ao goberno das esquerdas republicanas, apoia-

das por partidos radicais de esquerdas (*Partido Comunista*, *POUM*...), foi un intento de retomar as reformas do primeiro bienio republicano. Os abusos das formacións extremistas de ámbolos dous lados do espectro político xeraron un clima de violencia que desembocou no **golpe de Estado** militar do 18 de xullo de 1936, dando inicio á Guerra Civil (1936-1939).

A dereita non republicana

A **derrota** inesperada das **forzas monárquicas** nas eleccións municipais de abril de 1931 e o posterior **exilio voluntario do rei**, non permitiron ás forzas conservadoras formar unha fronte común que impedira esta situación. Malia que a **vitoria** foi clara nas urbes españolas para os **partidos republicanos** (41 das 50 capitais de provincia), a realidade era que o rural fora gañado, na súa totalidade, polos partidos monárquicos.

Os partidos que rexeitaban o novo réxime comezaron a reorganizar as súas forzas nos primeiros anos da República, sobre todo tralo fracaso do **golpe de Estado** do xeneral **José Sanjurjo** en agosto de 1932. Do mesmo xeito, isto aconteceu en Ourense entre 1931 e 1933.

Creáronse novos partidos como *Acción Popular* (AP), base principal da futura *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA) fundada en 1933 e que tivo coma líder a **José María Gil Robles**. Estes partidos definíronse coma **accidentalistas**, xa que non aprobaban o réxime republicano establecido, mais procuraban tomar o poder nas urnas coa creación dun partido de masas, católico e con certos aires sindicalistas. En Ourense, o líder de AP e **home forte** de Gil Robles, foi **Carlos Taboada Tundidor**, deputado por este partido nas Cortes entre 1933 e 1935, ano da súa morte.

Outro partido monárquico, pero con tendencias violentas e antidemocráticas, foi **Renovación Española** (RE), fundado en 1933. O seu xerme foi a *Unión Monárquica Nacional* (UMN), fundada en 1930 e liderada polo tudense **José Calvo Sotelo**, ministro na ditadura de Primo de Rivera, que estivo exiliado entre 1931 e 1934. Co nacemento de RE, UMN foise diluíndo rapidamente nela. O político conservador converteuse no presidente nacional do novo partido. Ámbolos dous partidos tiveron unha forte presenza na provincia ourensá, onde Calvo Sotelo tivo o seu **“feudo”** político. O seu poder baseouse na súa rede clientelar e no **caciquismo** electoral, principalmente do rural ourensán.

Outros partidos dereitistas non republicanos, caso do *Partido Agrario Español* (PAE) e de *Falange Española* (FE), tiveron escasa importancia na provincia ourensá. O peso político de Carlos Taboada Tundidor no Ourense de 1934 reflíctese na invitación que da pé a este número *Frontera*. O documento atópase no AHPOu dende o ano 2011 no fondo que leva o seu nome grazas á doazón dos seus herdeiros.